Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/23/2014	CONYIOEI	
2T2E3Z4U6U67212T0946		

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA PARA A APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS E POSTERIOR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DA ÁREA NATURAL RÍO XUVIA E O PTIDR ALDEA NOVA PARA USOS TURÍSTICOS

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde-presidente.
Vogais:
D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral.
D. José Gonzalo Gómez Prego, interventor accidental.
D. Mario Isasi Méndez, concelleiro delegado de Patrimonio.
Dna. Soledad Rivas López, xefa sección Patrimonio
Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación.

Despois de anunciarse no perfil do contratante a convocatoria desta Mesa para coñecemento dos licitadores deste acto público de apertura, cabe manifestar que non asistiu representante ningún das ditas empresas.

Sendo as 12 horas e 37 minutos do día 16 de xuño de 2014, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan para dar conta do informe técnico emitido pola educadora social do Servizo Sociocomunitario Mª Mercedes Sánchez Romero con data de 11 de xuño de 2014, para a valoración do sobre 2 da única empresa licitadora, Asociación de acción social, educación permanente e de servizos á xuventude e á muller TEMPUS, para o lote número 1 "Área Natural Río Xuvia". O dito informe, trala valoración dos criterios de adxudicación recollidos na base 16 das bases xurídicas, administrativas e técnicas que rexen esta adxudicación outorga a esta oferta técnica presentada a seguinte puntuación:

Empresas	Apdo. 1	Apdo. 2	Apdo. 3	Apdo. 4	Apdo. 5
Asociación de acción social, educación permanente e de servizos á xuventude e á muller TEMPUS	7	4	7	5	15
TOTAL PUNTUACIÓN					38 puntos

Esta Mesa de Contratación, tralo estudio deste informe , fai seu o criterio desta técnica, e procede por tanto, á apertura da proposición económica presentada pola empresa TEMPUS.

Esta empresa propón a contía de 5.510,00 euros de canon pola ocupación privativa do ben demanial denominado "Área Natural de Río Xuvia" (Lote1).

Á vista de que o citado canon cumpre co disposto na base 9 das bases xurídicas, administrativas e técnicas que rexen este proceso e que establece como canon mínimo o importe de 5.000,00 euros/ano para este lote, e por ser esta a única oferta presentada, esta Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación á adxudicación da concesión demanial da instalación "Área Natural Río Xuvia" (Lote 1) á empresa Asociación de acción social, educación permanente e de servizos á xuventude e á muller TEMPUS.

Así mesmo, ao non existir ofertas para o Lote 2, esta Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserta da licitación do citado Lote 2 "PTIDR Aldea Nova".

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12 horas e 45 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es